

Xoves, 24 de setembro de 2020

Núm. 185

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILABOA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

SUBSTITUCIÓN DA ALCALDÍA NA PRESIDENCIA DE COMISIÓNS

Expediente núm.: 946/2020

Resolución de Alcaldía

Procedemento: Substitución do alcalde

ANUNCIO

Fago pública a Resolución da Alcaldía que se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Dada a imposibilidade de asistir ás Comisións informativas que terán lugar o día 16 de setembro ás 20:30 e 21:00 horas

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44.1 e 2 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO: Delegar na primeira tenente de alcalde María Canosa Otero a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o día 16 de setembro para a presidencia das comisións informativas

SEGUNDO: A presente resolución será publicada en o Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

TERCEIRO: No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en ditas normas.”

Documento asinado electronicamente.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: CPTJYVE519LOPQF

